



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO DE "PROGRAMA MEJORA DE CAMINOS MUNICIPALES"**

## I.- DISPOSICIÓN XERAIS

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO

1.1.- O presente contrato ten por obxecto a execución das obras sinaladas no Proxecto Técnico "Programa mejora de caminos municipais", redactado polo Arquitecto municipal, D. Juan García Pérez, no que se sinalan as seguintes obras a realizar:

- A) Limpieza e pavimentado mediante tratamento superficial con dobre rega asfáltica de varios camiños en Centulle.
- B) Limpieza e pavimentado mediante tratamento superficial con dobre rega asfáltica do camiño de Penasillás.
- C).- Limpieza e pavimentado mediante tratamento superficial con dobre rega asfáltica do camiño de Meixide a Costoira.

1.2.- O proxecto de construción das mencionadas obras, será obxecto de aprobación polo órgano de contratación.

1.3.- Terán carácter contractual os planos, o prego de prescricións técnicas, a memoria no referente á descrición dos materiais básicos ou elementais que formen parte das unidades de obra, os cadros de prezos, o programa de traballo do proxecto e, no seu caso, o que presente o adxudicatario, unha vez aprobado pola Administración.

### 2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Chantada é a Alcaldía.

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con sujeción á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.



### **3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

**3.1.-** A contratación a realizar cualifícase como **contrato de obras de carácter administrativo**, de conformidade co establecido nos artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), quedando sometida ao devandito Texto Refundido, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001 (Regulamento Xeral da LCAP), en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ao Prego de Cláusulas Administrativas Xerais do Estado para a contratación de obras do Estado aprobado polo Decreto 3854/1970, de 31 de decembro, en canto non se opoña á Lei e ao Regulamento Xeral citados. A presente contratación se levará a cabo de acordo coas cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

**3.2.-** As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de Contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

### **4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN**

**4.1.-** O orzamento máximo de licitación das obras, incluído o IVE que deberá soportar a Administración, ascende á cantidade de 95.749,12 O prezo certo anterior queda desglosado nun valor estimado de 79.131,50 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 16.617,62 euros (21%).

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co artigo 87.2 TRLCSP.

**4.2.-** Para atender as obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito axeitado e suficiente para facer fronte o gasto máximo estimado do contrato a realizar, con cargo á aplicación 150/610300 do orzamento xeral municipal para o exercicio 2014, sendo de especial incidencia que a financiación da obra realízase con aportacións de distinta procedencia:

| <b>Distribución de fondos. Aportacións.</b> |        |           |
|---|--------|-----------|
| FEADER                                      | 75,00% | 59.348,63 |



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

|                       |                |           |
|-----------------------|----------------|-----------|
| MARM                  | 12,13%         | 9.598,65  |
| AGADER                | 12,87%         | 10.184,22 |
| AYUNTAMIENTO CHANTADA | Aportación IVA | 16.617,62 |

**4.3.-** No seu caso, as melloras de obra propostas polo licitador que resulte adxudicatario e se acepten pola Administración pasarán a seren contractuais e obligatoria a súa execución para o contratista, debéndose de certificar a traveso das correspondentes certificacións ordinarias de obra.

A modalidade de obras que contemplan as respectivas melloras deberán teren as mesmas características que as dos respectivos capítulos que conforman as distintas unidades de obra que integran o proxecto ou teren o carácter complementario no sentido de que non estando previstas se consideran necesarias para executa-la obra tal como figura no proxecto. Ditas melloras de obra ou obras complementarias, deberán seren recollidas no correspondente proxecto técnico ou memoria valorada, redactada polo técnico director da obra ou outro técnico competente, sendo, obriga do contratista instala súa elaboración no momento que se ordene polo Director da Obra, e sufraga-los gastos derivados da súa redacción, o cal deberá ser sometido a aprobación do órgano de contratación.

## **5. PERFIL DO CONTRATANTE**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións a través de internet na dirección [www.concellodechantada.org](http://www.concellodechantada.org)

## **6. REVISIÓN DE PREZOS**

Atendendo á natureza da obra, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará ningunha fórmula de revisión.

## **7. PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

**7.1.-** O prazo máximo de execución do contrato será de un mes, contado a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do trazado de planta, agás que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

**7.2.-** En todo caso a obra deberá estar rematada e recepcionada formalmente con data límite do 30 de xuño de 2014

**7.3.-** Os prazos parciais serán os que, se é o caso, se fixen na aprobación do programa de traballo, ou no seu defecto figuren no proxecto aprobado.

## **8. CAPACIDADE PARA CONTRATAR**



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

## **9. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA**

Para contratar coa administración a execución dunha obra de importe igual ou superior á cantidade establecida no artigo 65.1 do TRLCSP, será requisito indispensable que o contratista obteña previamente a correspondente clasificación, segundo resulte do proxecto ou documentación técnica que consta no expediente. Atendendo ao importe do contrato, non resulta esixible clasificación empresarial.

## **10. UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS**

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida no prego e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración.

## **II.- ADXUDICACIÓN**

### **11. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN**

**11.1.-** O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade tramitación urgente; xa que o contrato atópase incluído no suposto previsto no artigo 112, 177 e 171.d) do TRLCSP, conforme aos termos e requisitos establecidos no mesmos.



# Concello de Chantada (Lugo)

---

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

Consta no expediente a declaración de urxencia do órgano de contratación.

As ofertas solicitaranse de, polo menos, tres empresas, sempre que fose posible, capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

A solicitude de ofertas realizarase mediante invitación por correo ou a través de correo electrónico.

**11.2.-** A negociación, no seu caso, desenvolverase a través do seguinte procedemento: se o órgano de contratación considera, á vista das ofertas presentadas, que existen elementos susceptibles de negociación, reformulación ou mellora, porao por escrito, vía fax ou correo, en coñecemento de todos os licitadores, indicando tales elementos. Os licitadores poderán entón presentaren por escrito, no prazo de cinco días naturais, a súa contestación, reformulando ou mellorando, no seu caso os termos da súa oferta. En todo caso aplicaranse nesta fase os principios de formalización documental, igualdade, non discriminación e transparencia.

## **12. ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN**

**12.1.-** Os contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior ao establecido no artigo 177.2 do TRLCSP e non superen o límite establecido no artigo 171.d) do TRLCSP; a licitación publicarase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, se ben poderá substituírse esta publicación pola publicación do correspondente anuncio no perfil de contratante. A opción elixida é a publicación no Perfil do contratante.

## **13. PROPOSICIÓN: LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN**

**13.1.-** As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse na forma, prazo e lugar seguintes:

Os sobres presentaranse nas oficinas do Concello no prazo de 4 días contados contados dende o día seguinte a recepción da invitación, en horario de luns a venres de 9 a 14 horas e en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 14; dando ao presentador como acreditación recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación.

As ofertas poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico, télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación a participar.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

Transcorridos, non obstante, 6 días á indicada data sen recibirse a documentación, ésta non será admitida en ningún caso.

As ofertas poderán ser presentadas por medios electrónicos, informáticos ou telemático; debendo cumprir ademáis, o establecido na Disposición adicional 16 do TRLCSP.

**13.2.-** Cada empresario non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A contravención destas prohibicións dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

**13.3.-** A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego.

## **14. PROPOSICIÓN: DOCUMENTACIÓN**

**14.1.-** A documentación para a licitación presentarase en sobres pechados, identificados, no seu exterior, con indicación da licitación á que concurran e asinados polo licitador ou a persoa que o represente e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, dirección, teléfono e fax do contratista formulante da proposta.

**14.2.-** As ofertas presentaranse en dous sobres numerados correlativamente:

### **SOBRE A. Documentación administrativa.**

Conterá a seguinte documentación:

**A) Declaración responsable- consoante ao modelo do Anexo I- subscrita polo licitador ou o seu representante recoñecendo que cumpre os requisitos de capacidade, representación e solvencia esixidos e comprometéndose, no caso de que a proposta de adxudicación recaia ao seu favor, a aportar os documentos que se sinalan na cláusula 22.2 do presente prego de cláusulas.**

**B) No seu caso, compromiso de constitución de UTE.**

No caso de que dúas ou máis empresas acudisen á presente licitación constitúan unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberán aportar ademáis da declaración resinada no apartado anterior, documento privado con indicación dos nomes e as circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

**C) No seu caso, acreditación da inscrición no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas.**

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado acreditará ante todos os órganos de contratación do sector público, a teor do reflectido nela e salvo proba do contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia nas prohibicións de contratar que deban constar. A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha comunidade autónoma acreditará as mesmas circunstancias para os efectos da contratación con esta, cos restantes entes, organismos ou entidades do sector público dependentes dunha e outras. A proba do contido dos Rexistros Oficiais de Licitadores e Empresas Clasificadas efectuarase mediante unha certificación do órgano encargado deste, que se poderá expedir por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

## **D) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas.**

Os licitadores, en virtude do disposto no artigo 146.3) do TRLCSP, poderán indicar mediante declaración expresa de acordo co **ANEXO III** do presente prego, o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sempre e cando os citados documentos estean vixentes, e, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Respecto dos licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 do 16 de outubro de 2001), a correspondente certificación de inscrición será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación, debendo presenta o licitador a declaración responsable a que se fai referencia no parágrafo anterior.

## **SOBRE B. Oferta económica.**

Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

A oferta económica presentarase conforme ao modelo que se incorpore como Anexo II.

## **15. DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS.**

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

## **16. GARANTÍAS EXIXIBLES.**

**16.1.- Garantía Provisional:** En consonancia co disposto no artigo 103 os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

**16.2.- Garantía Definitiva:** O adxudicatario proposto estará obrigado a constituír, a disposición do órgano de contratación, unha garantía definitiva do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

A constitución desta garantía deberá efectuarse polo adxudicatario no prazo de 5 días hábiles, contados dende o seguinte a aquel ao da recepción do requerimento efectuado polo órgano de contratación con dito fin. No caso de demora presumirase que o licitador retirou a súa oferta e procederase con arranxo ao disposto no artigo 151.2 do TRLCSP.

En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 100 da TRLCSP.

A garantía constituirase en calquera das modalidades prevista no artigo 96 do TRLCSP, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe ou a documentación acreditativa correspondente na Caixa da Corporación, e una copia debidamente compulsada anexarase ao expediente.

A administración poderá refusar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.

No prazo de quince días, contado dende a data en que se fagan efectivas, no seu caso, as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía constituída na contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

## **17. ASPECTOS ECONÓMICOS E TÉCNICOS OBXETO DE NEGOCIACIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

**17.1.-** Os criterios obxecto de negociación e de adxudicación do contrato son os seguintes:





# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

a.- Melloras en obras (valoradas en euros), cunha puntuación de 3,00 puntos. Por aumento en unidades de obras valoradas, a realizar no entorno da obra, cuantificables economicamente a prezos de proxecto, a valorar ata un máximo de 3,00 puntos.

b.- Prazo de garantía, cunha puntuación de 2,40 puntos correspondendo 0,10 puntos por cada mes que se engada ao período mínimo de garantía fixado nos presentes Pregos.

c.- Redución do prazo de execución: máximo 1,00 punto; aplicándose 0,25 puntos por semana que reduza el prazo.

17.2.- Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de negociación e adxudicación que figuran no presente prego.

## **18. MESA DE CONTRATACIÓN.**

18.1.- De conformidade co establecido no artigo 320 do TRLCSP naqueles contratos que se adxudiquen mediante procedemento negociado sen publicidade, a Mesa de Contratación resulta potestativa para o órgano de contratación.

18.2 .- Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas, non se constituirá Mesa de contratación.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 146.1 do TRLCSP, efectuarase polo órgano de contratación; para o cal, as referencias ás actuacións da Mesa de contratación entenderanse referidas ao órgano de contratación.

## **19. CALIFICACIÓN DOS DOCUMENTOS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

19.1.- Concluído o prazo para a formulación de ofertas, analizarase pola Mesa de Contratación a documentación administrativa, e, se observase defectos materiais ou omisións emendables na documentación presentada, a traveso de escrito do Alcalde-Presidente, notificarao por fax ou no seu caso email, ó licitador correspondente, facéndose pública tamén o requerimento mediante a súa inserción no Taboleiro de Edictos da Entidade, deixando constancia de dita notificación no expediente,



# Concello de Chantada (Lugo)

---

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o subsane. Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Agora ben, se a documentación do licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Se considerará defecto subsanable a non aportación dalgún documento dos previstos na cláusula 14.2 incluídos no sobre A) correspondente á documentación administrativa, ou deficiencias ou erros nos mesmos, sempre que o suposto de feito ou de dereito que refrexe o documento existise con anterioridade á finalización do prazo para presentar ofertas.

**19.2.-** Unha vez analizada a documentación e, no seu caso subsanados ou non os defectos materiais, resolverase pola Mesa de Contratación sobor dos licitadores admitidos e rexeitados, procedendo a desenvolve-la negociación na forma estipulada no presente prego.

Declararanse admitidos á licitación aos licitadores que acrediten o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 146 do TRLCSP facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

**19.3.-** A continuación, abrírase, se é o caso, a fase de negociación cos licitadores admitidos, unha vez determinada a proposición máis ventaxosa como resultado da aplicación dos criterios previstos no prego e dos informes técnicos, de ser o caso, formulará proposta de adxudicación, que incluírá, en todo caso, a ponderación dos criterios indicados.

Para a formulación da súa proposta a Mesa de Contratación poderá solicitar os informes técnicos que considere pertinentes de conformidade co previsto no artigo 160 do TRLCSP.

**19.4.-** A proposta de adxudicación non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte ao concello. Nembargantes, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato dacordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

## **20. REIXEITAMENTO DE PROPOSICIÓNS.**

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

## **21. RENUNCIA.**

**21.1.-** A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente faculta á Corporación para que proceda á



incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

**21.2.-** Pola súa banda a renuncia á celebración do contrato en base a razóns de interés público ou o desestímulo do procedemento, cando este adoleza de defectos non subsanables, por parte da Administración, poderase acordar polo órgano de contratación antes da adxudicación, debéndose compensar aos candidatos ou licitadores polos gastos que a súa participación na licitación lle houberse efectivamente ocasionado, previa solicitude e coa debida xustificación da súa valoración económica.

## **22. ADXUDICACIÓN.**

**22.1.-** De conformidade co previsto no artigo 151, o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non forsen declaradas desproporcionadas ou anormais conforme a sinado no artigo 152 do TRLCSP.

**22.2.-** O órgano de contratación requerirá ao licitador que presente a oferta máis ventaxosa economicamente para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que houbera recibido o requerimento, presente a seguinte documentación:

### **A. Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario.**

**A.1.) Empresario individual:** fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

**A.2.) Persoas xurídicas:** escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial. Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

**A.3.) Empresas comunitarias:** A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A.4.) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega):**



A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

#### **A.5.) Empresas non comunitarias:**

1. Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.
2. Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

**A.6.) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias):** declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante.

#### **B. Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.**

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (Artigo 55.2 do TRLCSP).

#### **C. Poderes.**

Cando a licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse **poder notarial** para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

#### **D. Prohibicións para contratar, incompatibilidades y deudas.**

Declaración responsable de que nin a empresa interesada nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar coa Administración establecidas no artigo 60 e 146.1.c) do TRLCSP, así como que á data



de presentación da proposición atópase ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

## **E. Clasificación ou acreditación das solvencias económica e financeira, técnica e profesional por calquera dos medios seguintes:**

### **E.1.) Solvencias económica e financeira.**

1. Xustificante de la existencia de un seguro de indemnización por riesgos profesionales por riscos profesionais ou responsabilidade civil. O importe da contía que debe quedar cuberta polo seguro de riscos profesionais ou responsabilidade civil deberá ser igual o superior a contía do contrato incluído o IVE, multiplicado por 2.
2. Volume global de negocios, referido aos tres derradeiros exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades da empresa. O importe da facturación total que as empresas executaron durante os tres últimos anos deberá ser igual o superior a contía do contrato incluído o IVE, multiplicado por 1,5.
3. Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao cerre do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual superior a contía do contrato incluído o IVE, multiplicado por 1,5.

### **E.2.) Solvencias técnicas e profesional.**

1. Unha relación, selada e asinada, das obras análogas ou similares ao obxecto da presente contratación, executadas nos últimos 10 anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados delas.

As obras acreditaranse mediante certificacións de boa execución para as máis importantes, expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este; ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do licitador.

A Relación das obras análogas executadas no curso dos derradeiros dez anos, avaladas por certificados de boa execución para as máis importantes; Indicaranse o importe, que deberán alcanzar individualmente o no seu conxunto una contía igual ou superior ao importe total de licitación incluído o IVE, as datas e lugar de execución das obras e se se levaron a bo término ou se executaron satisfactoriamente; no seu caso, ditos certificados poderán seren comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Para a debida acreditación das solvencias técnicas e profesional, será imprescindible acredita-lo feito de que se executaron os obras por un importe igual ou superior a contía do contrato incluído o IVE .

Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente á presente contratación, deberán estar correctamente identificados os



respectivos obxectos dos traballos referidos. Só se terán en conta as obras relacionadas co obxecto da presente contratación, respecto das cales se aporten as certificacións ou declaración do licitador a que se fai referencia neste apartado.

Ao menos, dous dos traballos relacionados deberán ser obras análogas ás do presente contrato e deberán acadar na súa totalidade o importe igual ou superior a 2 veces as do presuposto total da obra incluído o IVE.

**E.3.)** As anteriores solvencias económica, financeira, técnicas e profesional, poderán seren substituídos pola debida acreditación de haber obtido a clasificación correspondente, mediante a aportación de certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia).

**F. Documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**G. Xustificante de haber constituído a garantía definitiva.**

**22.3.-** A adxudicación acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada, no prazo máximo de cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, que se notificará aos licitadores e a formalización do contrato publicarase no perfil de contratante do órgano de Contratación, e se os interesados o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

A adxudicación deberá dictarse en todo caso, sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación.

No acordo ou resolución de adxudicación concretarase polo órgano competente da Corporación a designación do técnico-director da obra e da coordinación e seguridade, naqueles casos en que a Dirección da obra e a coordinación de seguridade se realice mediante contrato de servizos previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.

## **III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

### **23. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

**23.1.-** O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos quince días hábiles contado desde o seguinte ao da recepción da notificación da adxudicación, ao que se engadirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e a oferta do adxudicatario.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

**23.2.-** O documento en que se formalice o contrato, co que este se perfecciona, será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

**23.3.-** O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. (Artigo 156 do TRLCSP).

**23.4.-** Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

**23.4.-** Se por causa imputable ao adxudicatario non pudiera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acorda-la resolución do mesmo, seguindo a tal efecto o procedemento establecido no artigo 109 do Regulamento Xeral da LCAP. En tal supostos, procederá a incautación da garantía.

Se as causas da non formalización foren imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

## **IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO**

### **24. ACTA DE COMPROBACIÓN DO REPLANTEO.**

**24.1.-** No prazo non superior a un mes dende a data de formalización do contrato, salvo casos excepcionais xustificadas, procederase, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo realizado previamente á licitación, dacordo co establecido no artigo 229 da TRLCSP, e nos artigos 139, 140 e 141 do Regulamento Xeral da LCAP, extendéndose acta do resultado que será firmada por ambas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebró o contrato.

**24.2.-** Cando o resultado da comprobación do trazado de planta demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquela a autorización para inicialas, facéndose constar este punto explicitamente no acta redactada, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte ao da sinatura da acta.

**24.3.-** O contratista deberá iniciar as obras dentro dos quince días seguintes ao da sinatura do acta de comprobación.

O director da obra directamente ou por medio do coordinador de Seguridade e Saúde deberá efectuar o correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras (Decreto 1627/97).

### **25. PROGRAMA DE TRABAJO , PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E RELACIÓN DE SUBCONTRATISTAS E SUMINISTRADORES.**



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da sinatura do acta de comprobación de trazado de planta, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de Traballo e o Plan de Seguridade e Saúde, e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obra a realizar.

A aprobación do Plan de seguridade e saúde corresponderalle ao presidente da Corporación previo informe do coordinador de Seguridade e Saúde.

En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será dun mes dende a sinatura do contrato. Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior, non fora posible empezar as obras ao recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación algunha de prazo por este motivo.

Atendendo á natureza da obra, o presidente da Corporación, a proposta do técnico director poderá eximir ao contratista da presentación do programa de traballo, en cuio caso resultará vinculante, no seu caso, o contemplado no proxecto técnico

En ningún caso se dispensará a presentación de programa de traballo para as obras plurianuais.

## **26. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.**

**26.1.-** A execución das obras realizarase a risco e ventura do Contratista e este non terá dereito a indemnización por causa de perdas, averías ou prexuízos ocasionados nas obras senon nos casos de forza maior, considerándose como tales, a estes efectos, exclusivamente os relacionados no artigo 231 do TRLCSP.

**26.2.-** O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, desde que sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 117 do TRLCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

**26.3.-** Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ao seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

**26.4.-** Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito ningún, a circunstancia de que os representantes da administración examinen ou recoñecido, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións





parciais.

**26.5.-** Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Se se advirte vicios ou defectos na construción, ou tense fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

**26.6.-** Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e perdas que se manifesten durante o termo de quince anos contado desde a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifeste ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 236 do TRLCSP.

**26.7.-** O contratista estará obrigado, no seu caso, a solicita-la concesión das licencias, autorizacións, das Administracións Públicas e outras entidades que fosen procedentes, así á tramitación e entrega ó Concello dos correspondentes boletíns de instalacións precisos para a posta en funcionamento dos distintos servicios ( luz, auga,etc.).sendo da súa conta os tributos ou gastos correspondentes

**26.8.-** Tódalas instalacións dos servicios de auga, electricidade, etc., que estean previstos executar deberán ser realizados por instaladores autorizados, debendo acreditar estar en posesión dos correspondentes títulos. O contratista, en todo caso, será o encargado de face-los trámites precisos en orde a obte-las autorizacións pertinentes para a posta en funcionamento destes servicios, debéndolle entregarllos ao Concello e ao seu nome, xunto coa acta de recepción da obras, os preceptivos boletíns de instalación dos indicados servicios

**26.9.-** Constitúe obriga do Contratista, a construción, colocación, conservación e explotación, desmontaxe, demolición e retirada da obra, de tódalas instalacións auxiliares da obra así como a realización das obras auxiliares necesarias para a execución das obras definitivas, sendo o seu custo en tódolos casos por conta do Contratista.

**26.10.-** O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de produción e xestión de residuos.

## **27. INTERPRETACIÓN DO PROXECTO.**

Corresponde ao director da obra e, no seu caso, ao responsable do contrato, no ámbito das súas respectivas competencias, a interpretación técnica do proxecto e a facultade de ditar as ordes para o seu desenrolo.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

O contratista non poderá aducir, en ningún caso, indefinición do proxecto. Se ao seu xuízo, adolecese dalgunha indefinición deberá solicitar por escrito do director da obra a correspondente definición coa antelación suficiente a súa realización, quen deberá contestar no prazo dun mes á citada solicitude.

## **28. DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DAS OBRAS.**

A dirección e inspección das obras correspóndelle ao seu técnico-director (director de obra e no seu caso director de execución da obra, de acordo co disposto nos artigos 12 e 13 da Lei 38/99 do 5 de novembro, de ordenación da edificación), o cal ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daqueles e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no Libro de Ordes. Nembargantes, o Alcalde da Corporación ou o Delegado de Obras, poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar as ditas funcións aos técnicos da Corporación.

## **29. LEXISLACIÓN LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL.**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

## **30. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

## **31. RESPONSABILIDADE. DANOS.**

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.



## **32. DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA.**

### **32.1.- Dereitos.**

**32.1.1.-** Dereito ao aboamento da obra que realmente execute de acordo coas cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto. O dito aboamento deberá efectuarse dentro do prazo máximo de 30 días seguintes á data de aprobación da certificación e da correspondente factura.

A execución de incrementos de obras por importe superior ao previsto no contrato, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á cantidade correspondente.

### **32.1.2.- A demora no pago conlevará a Administración as obrigas establecidas no artigo 216.4 do TRLCSP.**

Sen perxuízo o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixa os defectos que contivese a certificación, computándose, polo tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixa os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

**32.1.3.-** Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

**32.1.4.-** Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da administración fose superior a seis meses.

**32.1.5.-** Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP e nas condicións sinaladas no presente prego.

### **32.2.- Obrigas.**

**32.2.1.- Sinalización das obras.** O contratista está obrigado a instalar, á súa costa, os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións.

O contratista cumprirá as ordes que reciba por escrito da dirección acerca de instalacións de sinais complementarios ou modificación das que instalase.

Os gastos que orixine a sinalización serán de conta do contratista.



**32.2.2.- Carteis.** Na data en que comencen os traballos, o contratista quedará obrigado a colocar a súa costa un cartel de 2,5 metros x 1,4 metros, de aluminio estrudido, relacionado coa obra “Programa mejora de caminos municipais”, de acordo con el apartado 12, reseña “obrigas dos beneficiarios”, de la Orden de 13 de septiembre de 2013, de la Agencia gallega de desarrollo rural. DOG nº 18/2013, de 30 de septiembre.

**32.2.3.- Fotografías.** O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e o seu contorno.

**32.2.4.- Gastos de transporte e almacenaxe.** O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado e no prazo convindo e, se é o caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

**32.2.5.- Custodia e conservación.** O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

**32.2.6.- Gastos de anuncios, tributos e varios.** O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación.

Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato, así como obter a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se proceder, e o aboamento do imposto correspondente.

**32.2.7.-** Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que se é o caso se prevexan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a súa tramitación perante os ditos organismos e pagamento das taxas correspondentes.

**32.2.8.-** O contratista está obrigado non só á execución das obras, senón tamén a súa conservación e policía ata a recepción e durante o prazo de garantía das mesmas.

Igualmente, o adxudicatario responderá da vixiancia dos terrenos así coma dos bens que haxa nos mesmos. Se así fora requirido pola dirección da obra, o contratista terá a obriga de adscribir, con carácter permanente, persoal de garda nas obras ata a recepción das mesmas.

**32.2.9.- Control de calidade.** A dirección ordenará que se verifiquen os ensaios e análise de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.

Este control é independente do control interno que realice o adxudicatario de cuxo estrito cumprimento esixirá a administración a través da dirección facultativa, tanto no que se refire ao programa de control, ensaios , como a cantidades destinadas a esta finalidade.

### **33. PAGAMENTOS.**

Os pagamentos realizaranse contra a certificación de obra única en función da obra efectivamente executada acompañada da relación valorada e a pertinente factura, con suxeición ao disposto nos artigos 216.4 e 232.1 do TRLCSP e concordantes do RGLCAP.

O adxudicatario terá dereito a percibir abonos a conta polas actuacións preparatorias da execución da obra, previa a constitución da correspondente garantía, nos termos previstos nos artigos 216.3 e 232.2 do TRLCSP e concordantes do RGLCAP.

O contratista ten a obriga de presentar a factura polos servicios prestados no Rexistro Xeral do Concello de Chantada, dirixida ao Rexistro de Facturas, e nela debe constar o órgano competente para a contratación, que é a Alcaldía,.

### **34. PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.**

**34.1.-** Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

**34.2.-** A administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

**34.3.-** Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de Contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

**34.4.-** Cando o contratista incumprira a adscrición na execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para elo, imporanse penalidades na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

### **35. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.**



Non cabe modificación do contrato, salvo que por razóns de interés público, o Concello e para atender a causas imprevistas, xustifique debidamente a súa necesidade no expediente, todo de conformidade cos artigos 105, 106, 107 e 108 do TRLCSP. As modificacións non afectarán ás condicións esenciais do contrato.

As modificacións do contrato formalizaranse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

## **36. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS.**

### **1. Cesión de contrato.**

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contado desde a autorización expresa polo órgano de Contratación da cesión.

A non constituición da garantía dentro do devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

### **2. Subcontratación.**

Non se permite a subcontratación do obxecto do contrato.

## **37. RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL.**

O contratista comunicará por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación.

A recepción das obras realizarase como moito dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo iso de conformidade co artigo 235 do TRLCSP.

O contratista ten a obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga o representante da administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de Contratación.

Do resultado da recepción redactarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o efectúa, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de Contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboados ao contratista.

## **38. PRAZO DE GARANTÍA.**

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, se é o caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola administración contratante, a custa do contratista.

## **39. LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.**

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, agás o disposto no artigo 236 do TRLCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, se é o caso, das obrigas pendentes aplicándose ao pagamento destas últimas o disposto no artigo 216.4. do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

## **40. CAUSAS DE RESOLUCIÓN.**

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 a 225 do TRLCSP, cos efectos previstos nos artigos 308 e 309 do TRLCSP, e acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia de parte.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polo danos e perxuízos orixinados á administración, no que excedan do importe de garantía.

## **41. SUSPENSIÓN DAS OBRAS.**



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

A Administración, por razóns de interese público, poderá acordar a suspensión da execución do contrato. Igualmente, poderá proceder a suspensión do cumprimento do contrato polo contratista se se dese a circunstancia sinalada no artigo 216.5 do TRLCSP. A efectos da suspensión do contrato estarase ao disposto no artigo 220 do TRLCSP, así como nos preceptos concordantes do RGLCAP e do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado, en canto non se opoñan ao establecido en dita lei.

## **42. DEBER DE COLABORACIÓN, DILIXENCIA E BOA FE.**

O contratista adxudicatario da obras, colaborará coa Administración, persoas, empresas ou organismos por ela designados, facilitando e ponñendo á súa disposición canta lle sexa solicitada, referida á obra en cuestión.

O contratista actuará na execución do contrato e diante das incidencias que puidesen xurdir, de acordo cos principios de dilixencia e boa fe, adoptando, aínda cando a incidencia non lle fose imputable, tódalas medidas ao seu alcance para evita-los prexuízos que puidieran ocasionar ao interese xeral e á Administración como parte contractual.

O incumplimento deste deber de dilixencia poderá dar lugar á obrigaón de resarcir á Administración.

Do mesmo xeito, e dentro do mesmo deber de colaboración e boa fe, o contratista non terá dereito a ser indemnizado nen a solicitar unha modificación contractual como consecuencia da existencia dalgún erro existente no proxecto técnico ou outro documento contractual, que puidese ser advertido con carácter previo á licitación e adxudicación do contrato e non lle fose comunicado á Administración.

En Chantada, a 06 de mayo de 2014,

O Alcalde,

Asdo. Manuel L. Varela Rodríguez

## **ANEXO I**

### **MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE CONTRATOS DE OBRAS**

D. /D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_,

Con domicilio en \_\_\_\_\_, Provincia de \_\_\_\_\_,

Calle \_\_\_\_\_, N<sup>o</sup> \_\_\_\_\_,





# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

Teléfono Nº \_\_\_\_\_, email \_\_\_\_\_, Fax \_\_\_\_\_,

Con DNI Nº \_\_\_\_\_,

En nome, propio ou en representación da empresa \_\_\_\_\_,  
NIF \_\_\_\_\_, segundo escritura de apoderamento outorgada ante o  
Notario do Ilustre. Colexio de \_\_\_\_\_, e inscrita no Rexistro Mercantil  
de \_\_\_\_\_.

DECLARA baixo a súa persoal responsabilidade e ante o Concello de  
Chantada:

1. Ter plena aptitude, capacidade xurídica e de obrar e solvencia, cumprindo as condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración; acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias (recibos de alta e estar ao corrente do pagamento, ou exento deste, Imposto sobre Actividades Económicas, a non existencia de débedas coa Administración Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Chantada ( Lugo) e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
2. Non se encontrar incurso nas prohibicións para contratar previstas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
3. Comprometerse, no caso de que a proposta de adxudicación recaia ao seu favor, a aportar os documentos que se sinala na Cláusula 22.2 do prego de cláusulas administrativas.
4. Que na oferta se tiveron en conta as disposicións vixentes relativas a protección e condicións de traballo.
5. Forma parte de grupo empresarial (rísquese o que non proceda): **SE/NON**.
6. Se os empresarios desexan concorrer en integrados nunha Unión Temporal (rísquese o que non proceda): **SE/NON**.
7. Seren totalmente veraces os datos referidos na oferta económica que se formula.
8. Que mantén os requisitos de capacidade para contratar conforme aos artigos 54 e seguintes do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido de Contratos do Sector Público, sen estar incurso/s en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 60 do mesmo, asimismo, os requisitos de solvencias técnicas, económicas e financeiras, nas mesmas condicións que as acreditadas ante ese Concello, e no seu caso da vixencia da clasificación, como contratista de obras ou de servizos.
9. Que mantén a vixencia das correspondentes certificacións acreditativas de se achar a o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e dos demais documentos presentados ante ese Concello.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Data e sinatura do propoñente)

Fdo:

## ANEXO II

### MODELO DE DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. /D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_,

Con domicilio en \_\_\_\_\_, Provincia de \_\_\_\_\_,

Calle \_\_\_\_\_, N<sup>o</sup> \_\_\_\_\_,

Teléfono N<sup>o</sup> \_\_\_\_\_, email \_\_\_\_\_, Fax \_\_\_\_\_,

Con DNI N<sup>o</sup> \_\_\_\_\_,

En nome, propio ou en representación da empresa \_\_\_\_\_,

NIF \_\_\_\_\_, segundo escritura de apoderamento outorgada ante o

Notario do Ilustre. Colexio de \_\_\_\_\_, e inscrita no Rexistro Mercantil de \_\_\_\_\_.

Toma parte no procedemento negociado para a adjudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de " \_\_\_\_\_ ", e a cuxos efectos FAI CONSTAR:

#### 1. Que ofrece o seguinte prezo:

A. Prezo sen IVE \_\_\_\_\_ euros.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

**B. Imposto sobre o valor engadido (IVE) \_\_\_\_\_ euros.**

**C. TOTAL (A + B) \_\_\_\_\_ euros.**

**2.- Que ofrece as seguintes melloras:**

**3.- Que coñece e acepta na súa integridade o contido do proxecto técnico que serve de base para a licitación e cantas obrigas se deriven dos pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato.**

**4.- Que acompaña a documentación esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.**

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_

(Data e sinatura do proponente)

Fdo: